

PEZA DO MES

novembro

2003



DAGUERROTIPO

1850

11,5 x 10 cm.

Nº Inv: 4.852

COA PRESENTACIÓN PÚBLICA DO INVENTO DO DAGUERROTIPO EN 1839 SINÁLASE O COMEZO DO FENÓMENO DA FOTOGRAFÍA COMO UN MEDIO GRÁFICO ÚTIL, PRACTICABLE E EXPANDIBLE. AOS ESTUDIOS FOTOGRAFÍCOS ACUDIRÁN XENTES DE TÓDALAS CLASES SOCIAIS PARA PERPETUAR A SÚA IMAXE ANTE A ORDE IMPERATIVA DO FOTÓGRAFO: "SORRÍA, POR FAVOR".





DAGUERROTIPO

Podemos definir a fotografía como a técnica, a arte e a industria de obter e fixar imaxes mediante a acción da luz en superficies sensibles á mesma. Non se debe atribuír a unha soa persoa a invención da fotografía, moitos foron os pioneiros que investigaron a luz e as súas propiedades, as primeiras cámaras, o proceso de conservación das imaxes, pero é xusto dicir que Nicéphore Niépce e Louis Daguerre foron esenciais para o seu descubrimento.

En 1816 Niépce logra ter imaxes negativas sobre papel, vidro e metal, aínda que imperfectas, son sen dúbida as primeiras fotografías da historia. En 1829 Niépce asóciase con Daguerre e ámbolos dous tentan perfeccionar a cámara escura e o proceso conseguido polo primeiro, pero a súa colaboración será efímera ó morrer Niépce en 1833. Dous anos máis tarde a casualidade compensa os esforzos de Daguerre ó deixar unha placa exposta nun armario de produtos químicos e pasados uns días comproba sorprendido que na mesma aparecía unha imaxe nítida. En 1837 obtén o segundo gran éxito ó comprobar que podía lograr imaxes máis permanentes ó sumerxilas nunha solución salina despois da exposición. Procedemento científico para facer o “daguerreotype” e que el mesmo nos explica: “Unha prancha de prata e cobre, coidadosamente puída expónse a vapores de ioduro ata que toma unha cor amarelada; expónse nun cuarto escuro de 15 a 30 minutos (dacordo coa época do ano e a hora), colócase sen imaxe visible sobre unha taza que contén mercurio quentado nunha pequena lámpada. Os vapores de mercurio van atacando ás partes que a luz toca en proporción a cantidade de luz recibida, inmediatamente debúxase unha imaxe

positiva onde representa as áreas craras. As partes descubertas do metal e non tocadas pola luz, forman sombras. Lavada con auga quente e salgada detense a acción da luz e fíxase definitivamente a imaxe”.

Daguerre non consegue financiar o desenvolvemento industrial do seu invento e acode ó astrónomo Francois Arago en 1839 para que o patrocine ante o goberno francés. Este informa a Academia das Ciencias e o 7 de febreiro aparecen as primeiras novas na prensa. A Cámara dos Deputados aproba unha pensión vitalicia para Daguerre de 6000 francos e outra de 4000 para o fillo de Niépce. Francia queda como dona da patente do invento e Arago nun famoso discurso ofrece ó mundo, no nome do seu país, o descubrimento do Daguerrotypo.

Nace oficialmente a fotografía o 19 de Agosto de 1839. Para o cidadán do século XIX a imaxe acadada constituía a realidade tal como era, reproducida por unha máquina e sen pasar polo ollo, a mán ou o criterio subxectivo de ningún artista.

A capacidade de difusión foi realmente espectacular, os medios gráficos de entón están en plena expansión e poucos son os xornais do mundo occidental que non fagan referencia a dito invento e así a daguerrotopia estendeuse rapidamente por Europa e América e logo polo resto do mundo. O eco do mesmo foi tan rápido como profundas as súas implicacións na vida científica, artística e cultural da época.

Nun principio a fotografía foi adoptada pola clase social dominante: industriais, banqueiros, homes de Estado, literatos, e sabios e pouco a pouco foi descendendo ás capas da mediana e pequena burguesía, a medida que se incrementaba a importancia desas formacións sociais.



RETRATO DE LOUIS
DAGUERRE (1789-1851).

O primeiro daguerrotipo documentado en España foi realizado en Barcelona por Ramón Alabern o 10 de novembro de 1839 cunha vista da Lonxa e a casa Xifré de Barcelona que non se conserva na actualidade. Oito días máis tarde, Mariano de la Paz, Juan María Pou e José Camps repiten a fazaña en Madrid, fotografando o Pazo Real. Sen embargo os pioneiros non chegan a adicarse a fotografía dun modo profesional, sendo na maioría médicos, científicos, catedráticos progresistas, movidos por unha curiosidade puramente intelectual, sen pensar en converter nun oficio o que eles consideraban unha afección apaixonante. Deberon ser daguerrotipistas estranxeiros os que retrataron ós nosos antepasados nos inicios do negocio fotográfico do noso país. Homes que non chegan a consolidar gabinetes fotográficos nos seus países de orixe, Francia, Suíza e Alemaña e que chegan a Península en busca dun mercado virxe no que traballar sen competencias. A maioría deles exerceron o seu traballo realizando, de paso, outros oficios, ademais de vender cámaras, ofrecendo “cortas leccións” ós potenciais compradores. Algúns temperáns cursillos como os impartidos por Alabern na Academia das Ciencias de Barcelona sentarán as bases técnicas dos primeiros fotógrafos españois, sucesores daqueles médicos e científicos liberais que trouxeron a España a nova daguerrotipia.

A mediados de século, decenas de daguerrotipistas –nacionais ou foráneos– exercen xa o novo oficio en case tódolos rincóns da Nación, aínda que será en Madrid, Barcelona, Sevilla, Valencia, Zaragoza, Pamplona e Santander onde arraigou máis a práctica do retrato como industria.

A competencia reflexarase pronto nos prezos, que descenden considerablemente, e que se fixaban atendendo a reputación do fotógrafo,

da cidade, a cantidade de persoas retratadas, o colorido do mesmo ou o formato. Prezos considerables naquela época en relación ó poder adquisitivo do posible cliente, entendendo que nun principio somentes acudían ós estudos membros das clases adañeiradas, co fin de deixar testemuña dos seus rostros solemnes, sorprendidos, inmovilizados en poses interminables.

O retrato fotográfico será un dos xéneros máis utilizados, fronte a paisaxe ou esceas da vida cotiá, gañando a partida ó retrato pictórico. Aparte da novidade e a perfección que proporcionaba, o prezo é sensiblemente inferior ó das miniaturas pictóricas, que se cotizaban entre os 80 e 175 reais de vellón (fronte o precio oscilatorio entre 15 e 60 que valían estes). Así que moitos pintores e gravadores convértense en fotógrafos ó ver diminuída a súa clientela e ante a perspectiva de que o novo invento os salvase da posible ruína. Os fotógrafos improvisarán nos sitios máis precarios, dende a rúa, patios, prazas de touros e non dubidarán en sacar as cámaras dos estudos para retratar a “domicilio”.

O daguerrotipo estudiado móstranos o retrato dun personaxe masculino en postura de tres cuartos, está posando nun estudio e pola vestimenta de luxo que leva deducimos que pertence a unha clase adañeirada. Presenta unha certa rixidez na pose e predomina a monocromía na imaxe, fronte ós detalles accesorios (xarrón, libros e mantel) que vemos “iluminados”, traballo que solía realizar o fotógrafo ou un axudante con mestura de pigmentos e goma arábica, tratando de conseguir un resultado cromático de maior espectro. A placa presenta unha inscrición gravada: “Hevia Juli^o de 1850/ C^{lle} del Prado”. Está selado por un vidro negro para protexelo das posibles raaduras dada a fragilidade da súa superficie e vai inscrito nun óvalo dourado. Gárdase nun estoxo composto por dúas partes articuladas por bisagras, revestido en pel e forrado cun veludo vermello. O uso do mesmo era corrente nos daguerrotipos tanto para protexelos como para crear a zona escura necesaria para a correcta lectura da súa imaxe.

Como inconvincentes cabe dicir que o tempo de exposición era demasiado longo, o procedemento custoso e perigoso polos materiais empregados, a limitación obvia do tamaño das placas, a fragilidade e o carácter único da obra farán que o daguerrotipo se extinguiña en pouco máis de dúas décadas.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Milagros Conde Sánchez. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-924-2003

